

De Ninghures estrea este venres 5 de xullo o seu novo sinxelo, 'Poço', “un convite ao baile, ao bo rolo e á foliada”

O grupo, gañador dos Premios Ari(t)mar á Mellor Música do Ano en Galicia polo seu tema *Morena*, presenta este verán un tema ateigado de “enerxía, naturalidade, desenfado e que invita ao público a pasalo ben”

A banda actuará mañá, venres 5, no ciclo *Atardecer no Gaiás*, e nas vindeiras semanas participará en *Festival*, *Carballeira de Zas*, *Festiletras* ou *Revenidas*



4 de xullo de 2024.- “Vén bailar, vén bailar”. O retrouso do novo sinxelo de De Ninghures é explícito e directo: un auténtico **convite ao baile, á festa e á foliada**. A banda publica este venres 5 de xullo o seu novo tema, **Poço**, unha muiñeira enérxica, ateigada de “aire fresco bo rolo e naturalidade”, na liña da propia esencia da formación, e que desta quenda pretende convidar ao público, dun xeito sinxelo e desenfadado, “a pasalo ben”.

Poço [estará dispoñible a partir das 00.00 horas do día 5 nas principais plataformas dixitais](#). Nesta ocasión, o novo sinxelo de De Ninghures acompañarase dunha peza audiovisual moi especial e que estará dispoñible na súa canle de Youtube: rodada cunha Handycam polos propios membros do grupo, o videoclip pretende reflectir, con naturalidade, o día a día da propia formación, á vez que traslada o espírito de festa e foliada que a define.

“Queremos que cando a xente escoite *Poço*, unha muiñeira de montaña con moita enerxía, como as que nos gustan, sinta ese convite ao baile, ao bo rolo, á foliada. Que a xente sinta como propio o que cantamos e que se vexa reflectida nesa letra, nese retrouso e nesa onda de desenfado, desinhibición e alegría”, sinala o grupo, recoñecido pola súa capacidade de experimentar con influencias musicais de todo o mundo sen perder o seu obxectivo: por en valor a música de raíz e a creación contemporánea.

De Ninghures, agrupación conformada por músicos con notable experiencia procedentes de Bergantiños, Compostela e A Fonsagrada, foi recoñecida publicamente esta primavera co galardón á Mellor Música do Ano en Galicia dos Premios Ari(t)mar polo seu tema ***Morena***, un sinxelo que dá boa conta dun dos seus máis claros sinais de identidade: a unión orgánica entre a tradición galega e a música dance, e que tamén está presente, dalgún xeito, neste novo *Poço*, tema do que a banda dará boa conta nos vindeiros directos que ofrecerá este verán. **O primeiro deles terá lugar mañá mesmo, venres 5**, en Santiago de Compostela, no marco do ciclo **Atardecer no Gaiás**. Entre as citas destes meses tamén están eventos como **Festigal, Festa da Carballeira de Zas, Festiletras ou Revenidas**, entre outras moitas.

Escoita [Poço](#) nas principais plataformas dixitais

Kit de prensa de [De Ninghures](#)

Contacto de prensa de De Ninghures

Lucía Pita | 675 404 321 lucia.pita@theofficeco.es